



ESTATUTOS DO REAL CLUB NAUTICO DE RIBADEO

TÍTULO I

DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1.- Denominación, obxecto e distintivo

1. O Real Club Náutico de Ribadeo –en diante o CLUB- é unha Asociación deportiva e cultural privada, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica e capacidade de obrar, que ten por obxecto o fomento, a práctica e a promoción da actividade deportiva, así como a realización de actividades sociais e culturais.

2. O distintivo oficial do CLUB é unha bandeira triangular de cor branca e azul, sobre o fondo azul un escudo de Ribadeo cruzado por detrás por dúas áncoras, baixo unha coroa real, e na zona branca a lenda : “REAL CLUB NÁUTICO DE RIBADEO”. Dita bandeira izarase, xunto á insignia nacional e a de Galicia, nos mastros de honra do CLUB.

Artigo 2.- Actividades

1. O Club terá como principal obxectivo a promoción dos deportes náuticos, sendo a súa modalidade fundamental o fomento e a práctica da vela, o mergullo, a pesca deportiva, a creación e potenciación da cultura náutica, a posta en valor dos seus recursos, e a sensibilización social encamiñada á conservación do medio ambiente mariño e o seu patrimonio.

Así mesmo poderá construír e xestionar instalacións náuticas, poderá desenvolver actividades económicas como a expedición de combustibles á náutica deportiva, xestión de restauración, aluguer de embarcacións, venda de material náutico, promoción de eventos e certames profesionais náuticos, todo iso sen ánimo de lucro de forma que os ingresos obtidos por estas actividades non poderán ser repartidos directa ou indirectamente entre os membros do club, e sen que ningunha actividade distinta da náutica deportiva poida en momento algún ser constituínte do obxecto do club nin ter asignación económica, en propostas anuais, superior ao 10% do total orzamentario, salvo acordo unánime da Asemblea Xeral.

2. A Xunta Directiva poderá acordar a creación de novas Seccións para a práctica doutras modalidades deportivas, así como promover estudos e proxectos culturais relacionados co seu obxectivo principal.

Artigo 3.- Réxime xurídico

1. O CLUB réxese, ademais de por os presentes Estatutos e os Reglamentos ou Normas de Réxime interior que se diten, polo disposto na Lei 10/1990, do 15 de outubro do Deporte, e pola Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, e demais normativa de aplicación.

2. Igualmente réxese, no que respecta ás diferentes modalidades deportivas, polos Estatutos e Reglamentos das Federacións ás que está ou vaia a estar adscrito.

3. En materia asociativa e de funcionamento interno, o CLUB sométese á regulación da Lei 3/2012, do Deporte de Galicia, e respecto dos seus libros, documentos e ficheiros, á Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro de Protección de Datos de carácter persoal, ou norma que a substitúa.

Artigo 4.- Rexime orzamentario

O CLUB sométese ao réxime do orzamento e patrimonio propio coas seguintes limitacións:

1. Ao tratarse dunha asociación sen ánimo de lucro non poderá destinar os seus bens a fines industriais, comerciais, profesionais ou de servizos, nin

exercer actividade algunha co fin de obter beneficios e repartilos entre os seus socios.

2. Poderá fomentar manifestacións de carácter cultural, lúdico ou deportivo dirixidas ao público en xeral, aplicando os beneficios obtidos ao desenvolvemento das actividades propias do seu obxecto social.

3. Poderá gravar e enaxenar bens inmobles, tomar diñeiro a préstamo e emitir títulos transmisibles representativos de débeda ou parte alícuota patrimonial, sempre que a súa contía sexa exclusivamente utilizada nos fins sociais, e que se cumpra cos seguintes requisitos:

a) Que tales operacións sexan autorizadas por maioría en Asemblea Xeral Extraordinaria.

b) Que devanditos actos non comprometan de modo irreversible o patrimonio do CLUB ou a actividade que constitúe o seu obxecto social. Para a adecuada xustificación deste extremo poderá esixirse, sempre que o soliciten como mínimo o cinco por cento dos socios de pleno dereito, o oportuno ditame económico-actuarial.

c) Cando se trate de tomar diñeiro a préstamo en contía superior ao 50% do orzamento anual ou que represente un porcentaxe igualmente superior ao 50% do valor do patrimonio, así como no suposto de emisións de títulos, será necesaria para a súa aprobación unha maioría de dous terzos da Asemblea Xeral Extraordinaria.

Artigo 5.- Domicilio social

O domicilio social do CLUB fíxase en Ribadeo, Peirao de Porcillán 29. O cambio de domicilio deberá ser aprobado pola Asemblea Xeral e notificado aos Organismos e Federacións competentes.

TÍTULO II

SOCIOS DO CLUB

Artigo 6.- Clases de socios

No CLUB existen as seguintes clases de socios:

- a) De pleno dereito
- b) Familiares
- c) Honorarios
- d) Deportivos

O CLUB mantendrá ó día un libro de socios en cada unha das súas modalidades.

Artículo 7.- Socios de pleno dereito

Son socios de pleno dereito todas as persoas maiores de idade que como tales aparezan no Libro Rexistro de Socios e satisfagan a cota social establecida.

1. Para ser admitido como socio de pleno dereito requírese:

- a) Ser maior de idade ou emancipado.
- b) Ser presentado por dous socios de pleno dereito, que estean ao corrente das súas obrigacións.
- c) Presentar unha solicitude por escrito dirixida á Xunta Directiva, que deberá resolvela no prazo máximo de trinta días por maioría simple dos seus membros.
- d) Satisfacer a cota de ingreso correspondente no prazo de quince días desde a notificación da resolución de terlle por admitido.

2. A denegación da condición de socio deberá ser motivada. A persoa a quen se lle denegou a condición de socio pode volver solicitar de novo a admisión, transcurrido un ano a partir da notificación da denegación.

Artigo 8.- Dereitos dos socios de pleno dereito

Os socios de pleno dereito gozan dos seguintes dereitos:

1. Utilizar todas as instalacións e servizos do CLUB.
2. Contribuír e participar no cumprimento dos fins específicos do CLUB.
3. Exixir que a actuación do CLUB se axuste ás disposicións legais e estatutarias en cada momento vixentes.
4. Separarse libremente do CLUB, mediante comunicación dirixida de xeito fidedigno ao seu Presidente.
5. Coñecer as actividades do CLUB e examinar a súa documentación, previa petición razoada á Xunta Directiva.
6. Expresar libremente as súas opinións relacionadas co obxecto e finalidade do CLUB no seo do mesmo e nas súas Asambleas Xerais, así como dirixir ao mesmo, de xeito fidedigno, queixas ou peticións de calquera tipo.
7. Ser elector e elixible para os órganos de representación e goberno do CLUB, cumpridos os requisitos establecidos nestes Estatutos.
8. Participar con voz e voto nas Asambleas Xerais ou otorgar a súa representación para o efecto.
9. Usar os distintivos do CLUB nos actos deportivos ou sociais en que participen.

Artigo 9.- Obrigas dos socios de pleno dereito

1. Abonar dentro dos prazos fixados as cotas que fixe a Xunta Directiva.
2. Contribuír ao sostemento, cumprimento e difusión das actividades obxecto do CLUB.

3. Acatar cantas disposicións dite a Asamblea Xeral, a Xunta Directiva ou os membros da mesma, para o bo goberno do CLUB.
4. Abonar as tarifas establecidas polo uso das instalacións ou servizos.
5. Utilizar as instalacións e servizos do CLUB, ou xestionados por este, de xeito correcto, segundo o estableza a Xunta Directiva e en consonancia coas normas de convivencia social.
6. Responder económicamente das obrigacións pecuniarias non satisfeitas polos socios familiares que del dependan así como de quen utilice as instalacións ou servizos no seu nome ou coa súa autorización.

Artigo 10.- Socios familiares

1. Son socios familiares o cónxuxe e os fillos menores de 18 anos dun socio de pleno dereito, que como tales aparezan rexistrados no Libro Rexistro de Socios.
2. Son socios familiares os netos menores de 18 anos de un Socio de Pleno Dereito, sempre e cando o solicite formalmente o avó e unha vez se satisfíxese a cota de entrada en vigor.
2. Cando os fillos adquiran a maioría de idade perden a condición de socio familiar podendo adquirir a condición de socio de pleno sempre que o soliciten antes de cumpriri 21 anos. En tal caso estarán exentos de cota de entrada.
3. Os socios familiares poderán concurrer ás Assembleas Xerais, con voz pero sen voto.
4. Os socios familiares están exentos do pago da cota social.

Artigo 11. Socios honorarios

1. Son socios honorarios aquelas persoas a quen a Asamblea Xeral outorgue dita distinción en base ao seu rango ou méritos contraídos co CLUB.

2. Son Socios honorarios en base ó reu rango S.M. o Rei, o Presidente da Xunta de Galicia, o Presidente da Dieputación de Lugo e o Alcalde de Ribadeo.
3. Os socios honorarios poderán concorrer ás Asambleas Xerais con voz, pero sen voto.
4. Os socios honorarios están exentos do pago da cota e terán un posto preferente nos actos oficiais do CLUB.

Artigo 12. Socios Deportivos

1. Son socios Deportivos aqueles menores de idade que desexen participar nas actividades deportivas que organiza o club, aparecerán como tales no Libro Rexistro de Socios e estean ao corrente das súas obrigacións.
2. A condición de Socio Deportivo adquirese previa solicitude dos seus pais ou tutores legais ante a Xunta Directiva, avalada por o Director da Escola de Vela ou os responsables das Sección de vela, pesca ou actividades subacuáticas.
3. O socio Deportivo carece de cota de ingreso pero deberá satisfacer a cuota anual en vigor.
4. Son dereitos do Socio Deportivo os recollidos nos apartados 1, 2, 4 e 9 do Artigo 8.
5. Son obrigacións do Socio Deportivo as recollidas nos apartados do 1 ao 5 do Artigo 9.
6. O Directos da Escola de Vela ou no seu caso os responsables da Sección de Pesca, vela ou actividades subacuáticas serán os encargados de trasladar a Xunta Directiva as quixas, inquietudes e peticións dos representados.
7. A condición de Socio Deportivo non da dereito ao desconto na tasa de mantemento dos pantaláns nin as tarifas de Marina Seca dos Socios de Pleno Dereito.

8.Os Socios Deportivos podrán alcanzar a condición de Socio de Pleno Dereito por méritos deportivos, de acordo con o que dispoña a Ordenanza que a tal efecto redactará a Xunta Directiva.

Artigo 13. Das cotas

1. As cotas que han de satisfacer os socios de pleno dereito determinaranse pola Asamblea Xeral e serán:

- a) De ingreso
- b) Anuais

2. A Xunta Directiva poderá acordar campañas de captación de socios modificando as cotas durante períodos concretos de tempo.

2. Independentemente das citadas cotas, o uso de determinadas instalacións ou servizos que proporciona o CLUB levarán aparellada a correspondente tarifa.

Artículo 14.- Perda da condición de socio

1. A condición de socio de pleno dereito pérdese:

- a) Por vontade propia.
- b) Por falta de pago de tres cotas sociais, unha vez fora requerido o pago para a súa regularización.
- c) Por acordo da Xunta Directiva fundamentado en faltas de carácter moi grave.

2. A condición de socio familiar pérdese:

- a) Por vontade propia do socio
- b) Por perda de tal condición do socio de pleno dereito de quen depende.

- c) Por acordo da Xunta Directiva fundamentado en faltas de carácter moi grave

3. A condición de socio honorario pérdese:

- a) Por propia vontade do socio
- b) Por acordo da Xunta Directiva, aprobado pola Asemblea Xeral.

4. A condición de Socio Deportivo pérdese:

- a) Por propia vontade do socio
- b) Por acordo da Xunta Directiva, a proposta razoada do Director da Escola e Vela ou dos responsables das seccións de vela pesca ou actividades subacuáticas.

TÍTULO III

ORGANOS DE REPRESENTACION E GOBERNO

Capítulo Primeiro

Das clases de Órganos

Artigo 15.- Órganos de goberno, e representación

O CLUB está rexido polos seguintes órganos:

- a) O Presidente
- b) A Xunta Directiva
- c) A Asemblea Xeral de socios.

Capítulo Segundo

Da Xunta Directiva

Artigo 16.- Composición

1. A Xunta Directiva é o órgano de xestión, administración, goberno e representación do CLUB.
2. Está formada por un número de membros non inferior a cinco nin superior a vinte, á fronte da cal haberá un Presidente, e da que tamén formarán parte un Vicepresidente, un Secretario, un Tesoureiro e polo menos un Vocal por cada unha das Seccións deportivas federadas.
3. O Presidente da Xunta Directiva e, na súa falta, aquel outros membros da mesma que determinen os Estatutos, ostentarán a representación legal do

CLUB, actuarán no seu nome e estarán obrigados a executar os acordos validamente adoptados pola Asamblea Xeral e a Xunta Directiva.

4. Todos os cargos da Xunta Directiva serán honoríficos e gratuítos.

5. A duración do mandato da Xunta Directiva será de catro anos.

6. Os cargos de Presidente, Secretario e Tesoureiro non poderán ser exercidos por períodos superiores a oito anos consecutivos.

Artigo 17.- Atribucións

1. Correspóndelle á Xunta Directiva a realización e dirección de cantos actos se relacionen coa actividade do CLUB, sen outras limitacións das que se deriven destes Estatutos e da normativa legal aplicable en cada momento.

2. En especial, correspóndelle á Xunta Directiva as seguintes:

- a) Cumprir e facer cumprir os vixentes Estatutos e demais normas do CLUB.
- b) Redactar ou reformar os Reglamentos de Réximen Interior e interpretar os Estatutos, Reglamentos e Normas de Réximen interno, así como velar polo seu exacto cumprimento.
- c) Adoptar os acordos necesarios para o cumprimento dos fins do CLUB, así como establecer os medios e procedementos pertencentes a tal fin.
- d) Cubrir provisionalmente as vacantes producidas no seu seo, así como cesar ou destituír aos seus membros, excepto ao Presidente.
- e) Fixar as normas de uso das instalacións e as tarifas correspondentes.
- f) Manter a orde e a disciplina no CLUB, así como nas competicións que se organicen.

- g) Realizar os cobros e pagos así como cantas operacións sexan precisas para a correcta administración do CLUB e que non correspondan á Asamblea Xeral.
- h) Por delegación do presidente, representar ao CLUB ante persoas físicas ou xurídicas, públicas ou privadas, e ante os Tribunais de Xustiza, podendo outorgar poder a favor de Letrados, Procuradores e outros mandatarios.
- i) Convocar por medio do seu Presidente a Asemblea Xeral cando o estime necesario, cumprindo os acordos e decisións da mesma.
- j) Sinalar as condicións e forma de admisión de novos socios, así como as cotas de ingreso e anualidades que deban satisfacerse.
- k) Nomear as persoas que vaian dirixir as distintas comisións que se cren, así como organizar as actividades do CLUB.
- l) Elaborar o orzamento, formular o inventario e o balance, así como redactar a Memoria anual do CLUB e, en xeral, aplicar todas as medidas deportivas, económicas e administrativas precisas para o fomento e desenvolvemento do seu obxecto social.
- m) Exercer a potestade disciplinaria, conforme aos presentes Estatutos, os das Federacións deportivas ás que estea adscrito o CLUB, e demais disposicións legais vixentes, sancionando as faltas previstas nos mesmos e esixir responsabilidades cando corresponda.

Artigo 18.- Constitución

1. A Xunta Directiva reunirse en sesión ordinaria, como mínimo unha vez ao mes, así como cantas veces considere necesario o seu Presidente e, con carácter extraordinario, cando así o dispoña o mesmo ou a petición da cuarta parte dos seus membros, quenes en tal caso indicarán os puntos para incluír na Orden do Día.

2. Será convocada en primeira e segunda convocatoria polo seu Presidente, de xeito fidedigno e con, polo menos, vinte e catro horas de antelación á data da súa celebración, indicando a Orden do Día. Se a reunión fose instada polos membros da Xunta, a convocatoria deberá realizarse como máximo, dentro das cuarenta e oito horas seguintes a súa solicitude.

3. A Xunta Directiva quedará válidamente constituída en primeira convocatoria cando concurran a ela a maioría dos membros; en segunda convocatoria será suficiente a concurrencia, polo menos, de tres dos seus membros, e en todo caso, do Presidente ou Vicepresidente e do Secretario.

4. A Xunta Directiva quedará tamén válidamente constituída cando estean presentes todos os seus membros, aínda que non mediase convocatoria previa.

Artigo 19.- Adopción de acordos

1. O Presidente, axustándose ao sinalado na Orde do Día, concederá e retirará a palabra, sometendo os asuntos a discusión e votación.

2. Os acordos da Xunta Directiva doptaranse por maioría simple, baixo a fórmula dun voto por integrante, decidindo en caso de empate o voto do Presidente.

3. Tras a xuntanza, o Secretario levantará acta que, unha vez aprobada, asinará xunto co Presidente e todos os asistentes. A aprobación da Acta poderá realizarse inmediatamente despois da xuntanza ou na inmediata seguinte como primeiro punto da Orden del Día.

4. Todos os acordos da xunta que non teñan carácter disciplinario, unha vez publicados no Taboleiro de Anuncios e, no seu caso, na páxina web do CLUB, serán inmediatamente executivos e obrigatorios para os socios, sen perxucio da súa impugnación, conforme establece o artigo 31 dos presentes Estatutos.

Artigo 20.- O Presidente da Xunta Directiva

1. O Presidente da Xunta Directiva, que o será tamén da Asemblea Xeral, é a persoa que ostenta a dirección e a representación legal do CLUB e quen executa os acordos dos órganos de goberno do mesmo.

2. Se durante o mandato da Xunta Directiva cesase o Presidente por calquera causa, ostentará as súas funcións temporalmente o Vicepresidente, debendo convocarse Asemblea Xeral extraordinaria nun prazo máximo de dous meses, a fin de proceder á elección de novo Presidente, cuxo mandato finalizará cando naturalmente houber concluído o Presidente cesante. Entre tanto, os demais membros da Xunta Directiva seguirán ostentando os seus cargos.

3. Ademais doutras funcións que puidese sinalar a normativa do CLUB, correspóndelle ao Presidente as seguintes:

- a) Representar ao CLUB ante toda clase de organismos públicos e privados, velando polo seu prestixio.
- b) Asinar os acordos, convenios e contratos que aprobe a Asemblea Xeral e a Xunta Directiva.
- c) Convocar e presidir as reunións da Asemblea Xeral e da Xunta Directiva.
- d) Cumprir e velar polo exacto cumprimento dos Estatutos e da restante normativa de aplicación ao CLUB, así como dos acordos da Asemblea Xeral de socios e de la Xunta Directiva.
- e) Suscribir, xunto co Secretario, as Actas das sesións dos órganos colexiados do CLUB.
- f) Ordear e autorizar os pagos, coa firma do Tesoureiro.
- g) Autorizar as actas, balances e certificacións.
- h) Resolver por si mesmo, en caso de urxente necesidade, calquera asunto imprevisto, dando inmediata conta á Xunta Directiva.
- i) Suspende, baixo a súa responsabilidade, as decisións de calquera outro membro da Xunta Directiva, cando, ao seu xuízo, poidan causar

efectos lesivos ou perturbadores ao CLUB ou entenda sexan contrarios a estes Estatutos e demais normativa vixente, dando inmediata conta á mesma.

j) Impulsar e dirixir, xunto coa Xunta Directiva, o proxecto de presuposto, a memoria e as contas anuais.

Artigo 21.- O Vicepresidente

1. O Vicepresidente é o membro da Xunta Directiva que substitúe ao Presidente en caso de ausencia, vacante ou enfermidade, correspondéndolle ademais auxiliar a aquel nas súas funcións e labores.

2. En caso de ausencia do Presidente e do Vicepresidente, actuará de Presidente en funcións o membro de maior idade da Xunta Directiva que, á súa vez, será substituído polo seguinte en idade, e así sucesivamente.

Artigo 22.- O Secretario

1. O Secretario do CLUB, que o será da Asemblea Xeral, da Xunta Directiva e da Comisión Electoral, é o membro da Xunta Directiva responsable da actividade administrativa do CLUB.

2. Corresponden ao Secretario as seguintes funcións:

- a) O arquivo, custodia e levanza do Libro de Rexistro de Socios así como a restante documentación do CLUB, salvo os Libros contables.
- b) Despachar a correspondencia.
- c) Expedir, co Visto Bo do Presidente, as certificacións que se soliciten de extremos que obren en documentos ao seu cargo.
- d) Exercer a xefatura do persoal empregado do CLUB.
- e) Aportar a documentación necesaria para os asuntos a debater.
- f) Levantar acta de todas as xuntanzas da Xunta Directiva e das Asembleas Xerais.

g) Elaborar a Memoria anual, xunto co Tesoureiro.

h) As restantes previstas nestos Estatutos e demais normativa aplicable.

3. En caso de ausencia, vacante ou enfermidade do Secretario, será substituído polo Vogal máis novo da Xunta Directiva, que á súa vez, será substituído polo seguinte en idade, e así sucesivamente.

Artigo 23.- Tesoureiro

1. O Tesoureiro da Xunta Directiva é o encargado da xestión económica do CLUB e o depositario dos fondos do mesmo.

2. Corresponden ao tesoureiro as seguintes funcións:

a) Recadar, custodiar e depositar os fondos no lugar e da forma que determine a Xunta Directiva.

b) Estender os recibos de cotas ou tarifas.

c) Realizar os pagos autorizados polo Presidente, así como intervalos.

d) Dirixir a contabilidade, así como custodiar e levar os libros contables.

e) Coidar da orde e da boa marcha da caixa social.

f) Elaborar a Memoria anual, xunto co Secretario

g) Preparar o anteproxecto de orzamento para a súa aprobación pola Xunta Directiva e posterior presentación e, no seu caso, aprobación pola Asemblea Xeral.

3. En caso de ausencia ou enfermidade, o Tesoureiro será substituído polo vogal primeiro da Xunta Directiva e, na súa falta, polo segundo e así sucesivamente.

Artigo 24. - Os Vogais

Corresponde aos Vogais, que se designarán como Vogal primeiro, Vogal segundo e así sucesivamente, a colaboración no goberno e administración do CLUB así como, no seu caso, a dirección das distintas seccións deportivas deste.

Capítulo Terceiro

Da Asemblea Xeral de Socios

Artigo 25.- A Asemblea Xeral de Socios

1. A Asemblea Xeral é o órgano supremo de goberno do CLUB e estará integrada por todos os socios maiores de idade, de acordo co artigo 46.3 da lei 3/2012 do Deporte Galego, que se atopen ao corrente das súas obrigacións sociais.
2. Poderán asistir a elas os socios de honrra, socios familiares e outras persoas autorizadas.
3. A Asemblea Xeral de socios pode ser ordinaria ou extraordinaria.

Artigo 26.- A Asemblea Xeral ordinaria

A Asemblea Xeral Ordinaria reunirse unha vez ao ano, no período comprendido entre o 10 e o 20 de Agosto, para:

1. Aprobar a acta da reunión anterior.
2. Analizar e aprobar, no seu caso, a Memoria anual, liquidación de contas do exercicio anterior, o Balance e o Orzamento para o próximo exercicio.
3. Debater e aprobar ou denegar as propostas que presente a Xunta Directiva

4. Examinar e aprobar ou denegar as propostas presentadas polos socios, sempre que se atopen avaladas por un mínimo de vinte e cinco deles e se presenten ante a Xunta Directiva, polo menos, con oito días de antelación ao sinalado para a celebración da Asemblea. Tanto os socios que presenten as propostas como os avalistas, deberán estar ao corrente no cumprimento de todas as súas obrigacións sociais.

5. Debater e aprobar ou denegar calquera outras cuestións comprendidas na Orde do día ou expostas polos socios como rogos e preguntas.

6. A elección da Xunta Directiva e do seu Presidente

Artigo 27.- A Asemblea Xeral Extraordinaria

A Asemblea Xeral Extraordinaria reunirase cando algún tema de urxencia o requira e non se poida esperar á realización da Ordinaria, con idénticas atribucións que ela, e concretamente para:

1. Aprobar as cotas ou orzamentos extraordinarios.

2. A elección dos membros da Comisión electoral.

3. Dispoñer e enaxenar os bens do CLUB, tomar diñeiro a préstamo e emitir títulos transmisibles representativos de débeda ou da parte alícuota patrimonial, ou de obrigacións.

4. Tratar calquera outro asunto de interese ou transcendencia para o CLUB, que non sexa competencia da Xunta Directiva ou da Asemblea Xeral ordinaria.

Artigo 28.- Convocatoria e constitución das Asembleas

1. As Asembleas serán convocadas polo seu Presidente, a iniciativa propia ou a petición da Xunta Directiva ou de socios que representen, polo menos, ao dez por cento dos de pleno dereito.

2. Na convocatoria deberá constar a Orde do día e a data, lugar e hora da súa celebración en primeira e segunda convocatoria.

3. Deberá existir un prazo mínimo de quince días entre a convocatoria e a celebración da Asemblea Xeral, tanto ordinaria como extraordinaria.

4. O Presidente convocará a Asemblea Xeral Ordinaria ou Extraordinaria de Socios mediante aviso público que se fixará no Taboleiro de Anuncios e publicación do mesmo nas redes sociais do Club. Ademáis, convocarase aos socios individualmente por correo electrónico. Os socios que non dispoñan de correo electrónico serán convocados por carta. Así mesmo, aqueles socios con correo electrónico que prefiran seguir sendo convocados por correo ordinario deberán solicitalo expresamente na oficina do Club.

5. Aquelos socios que aceptaran recibir información do Club vía WhatsApp ou sistema similar, recibirán recordatorios da celebración da Asemblea nos móbiles cinco días antes e a vispera da celebración da mesma.

6. As Asembleas quedarán validamente constituídas en primeira convocatoria cando estean presentes ou representados polo menos a metade máis un dos socios de pleno dereito; en segunda convocatoria non existirá tal limitación numérica, aínda que para constituírse deberán transcorrer polo menos trinta minutos desde a falta de quorum da primeira.

Artigo 29.- Celebración das Asembleas

1. As Asembleas serán presididas polo Presidente da Xunta Directiva, quen outorgará, suspenderá ou denegará o uso da palabra aos socios, segundo o desenvolvemento da reunión, puidendo, atendidas as circunstancias do caso, acordar a expulsión daqueles que non mostren a debida corrección ou alteren gravemente a orde da reunión. O Presidente será asistido polo Secretario da Xunta, que o será da Asemblea, así como polos Vogais que estime conveniente.

2. Iniciarase co reconto dos asistentes, admitíndose unicamente a aqueles socios con dereito a asistir. Calquera socio con dereito a voto poderá facerse representar por outro socio, tamén con dereito a voto. A representación será válida cando se realice ante Notario, ou persoalmente ante o Secretario da

Xunta Directiva, ou persoa en quen delegue, e presentada no CLUB, o cal rexistrará a data de petición no libro de rexistro de entradas, polo menos dez días antes da data da Asemblea. Igualmente cabe representación por correo, achegando solicitude asinada e fotocopia do DNI do representado, con recoñecemento explícito de aceptación asinado e achegando o DNI do socio representante, cun límite máximo de dúas representacións por socio, excepto en casos de representación familiar, e en prazo análogo ao anterior.

3. Se houberse quorum suficiente, e aberta a sesión, na que se dará conta e reflectirá o número de votos delegados, con nome, apelidos, DNI e por quen está representados, debateranse e resolverán os asuntos incluídos na Orde do Día, por rigorosa quenda.

4. Ao final levantarase un Acta na que se fará constar a data, lugar e hora de comezo e final da reunión, relación detallada de asistentes, socios votantes presentes e representados, temas tratados, contido dos acordos adoptados, resultado das votacións se as houber e calquera outra incidencia digna de apuntar. Esta acta será asinada polo Presidente, o Secretario e dous socios asistentes, publicada na páxina Web do CLUB nun prazo de trinta días e aprobada, se ha lugar, na seguinte Asemblea

Artigo 30.- Adopción de acordos

1. Para a válida adopción de acordos, a Asemblea Xeral deberá estar regulamentariamente constituída.

2. A cada socio de pleno dereito que estea ao corrente das súas obrigacións sociais correspóndelle un voto.

3. Os acordos adoptaranse por maioría simple dos votos validamente emitidos, excepto nos seguintes supostos:

a) Precisarase a maioría de dous terzos dos votos para a modificación dos Estatutos.

b) Precisarase a maioría de dous terzos dos votos para o alleamento do patrimonio social ou a emisión de títulos transmisibles representativos de débeda ou de parte alícuota patrimonial.

c) Precisarase a maioría das tres cuartas partes dos votos, que polo menos representen un terzo da totalidade dos socios de pleno dereito, para acordar a disolución do CLUB.

Artigo 31.- Impugnación de acordos

1. A Acta, e os acordos nela apuntados, poderán ser impugnados ante a Xunta Directiva por calquera dos socios asistentes, nun prazo de trinta días a partir da publicación da mesma na páxina web do CLUB, ou o TABOLEIRO de anuncios.

2. A xunta terá un prazo de trinta días para comunicarlle a súa decisión ao interesado, quen en caso de desconformidade dispón de idéntico prazo para recorrer ante a Asemblea, sen prexuízo das demais accións que legalmente lle correspondan.

3. A Acta, e os acordos nela apuntados, en caso de constituír ilegalidades, poderán ser impugnados por calquera socio, nos termos indicados no punto anterior.

4. Igualmente, por razón de materia, os acordos tomados poderán ser impugnados ante os órganos competentes das Federacións correspondentes, e ante o Comité Galego de Xustiza Deportiva.

TÍTULO IV

RESPONSABILIDADE DE DIRECTIVOS E SOCIOS

Artigo 32.- Responsabilidade

Os directivos e socios do CLUB, sen prexuízo do establecido nos presentes Estatutos sobre réxime disciplinario, responderán ante o mesmo CLUB, ante os demais socios ou ante terceiros, das lesións e danos causados ao mesmo pola realización de actos contrarios á legalidade ou nos que mediase culpa ou negligencia grave.

Artigo 33.- Responsabilidade pola adopción de acordos

Todos os membros que formen parte dalgún dos órganos do CLUB, serán responsables de todos e cada un dos acordos que tales órganos adopten, sempre que houberen participado neles, salvo que na correspondente Acta expresamente fixesen constar a súa discrepancia coa decisión adoptada.

TÍTULO V

REXIMEN DE ELECCIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

Capítulo Primeiro

Disposicións xerais

Artigo 34.- Elección do Presidente e da Xunta Directiva

1. O Presidente e os restantes membros de Xunta Directiva do CLUB serán elixidos en Asemblea Xeral Extraordinaria, mediante sufraxio libre, directo e segredo de todos os membros da mesma que gocen do dereito de voto.
2. Nas candidaturas para a elección da Xunta Directiva, que serán pechadas e completas, deberán figurar, ademais da relación dos seus compoñentes, o cargo que cada un haxa de ostentar.

Artigo 35.- Dereito ao voto

Na elección de Presidente e dos restantes membros da Xunta Directiva, teñen dereito a voto os socios de pleno dereito con plena capacidade de obrar e que estean ao corrente no cumprimento das súas obrigacións sociais.

Artigo 36.- Candidaturas

1. Os requisitos para ser candidato son os seguintes:
 - a) Ser español ou estranxeiro legalmente residente en España.
 - b) Ser maior de idade.
 - c) Acharse en pleno uso dos dereitos civís e non estar suxeito a sanción disciplinaria que o inhabilite.

d) Ser membro de pleno dereito do CLUB, cunha antigüidade mínima e ininterrompida, de dous anos.

e) Presentar a candidatura co aval de socios que se sinala a continuación, achegando escrito de aceptación de todos os candidatos integrados na mesma.

f) Estar ao corrente no cumprimento de todas as obrigacións sociais.

g) Non pertencer á Xunta Directiva, como presidente, tesoureiro, ou secretario, durante o últimos oito anos, salvo no caso da primeira reelección.

2. As candidaturas presentaranse á Comisión Eleitoral en listas pechadas e completas, especificando o cargo para o que se presenta cada candidato, conforme ao establecido nos presentes Estatutos, co aval mínimo do cinco por cento dos socios con dereito a voto. Para que o aval considérese válido, necesariamente debe conter:

a) Escrito no que conste a candidatura que avala, con relación de todos os seus membros e cargos a ocupar

b) Fotocopia do D.N.I. ou do Pasaporte do avalista

c) Nome e dous apelidos e número de socio do avalista

d) Firma do avalista

e) Ningún socio poderá presentar nin avalar máis dunha candidatura.

Se a Xunta Directiva tiver o propósito de presentarse á reelección farao constar como punto primeiro da Orde do Día na propia convocatoria da Asemblea Xeral, continuando en todo caso no exercicio das súas funcións e responsabilidades ata a celebración daquela, e nomeamento definitivo da nova Xunta Directiva.

Artigo 37.- Elección do Presidente e da Xunta Directiva

Terá lugar nos seguintes supostos:

- a) Por expiración do mandato do Presidente e da Xunta Directiva
- b) Por dimisión ou renuncia, falecemento, declaración legal de ausencia ou incapacidade do Presidente que encabezase a candidatura.
- c) Por voto de censura ao Presidente aprobada en Asemblea Xeral Extraordinaria convocada para o efecto, a petición, polo menos, do dez por cento dos seus compoñentes, adoptándose o acordo por maioría absoluta dos mesmos.
- d) Cando, por calquera causa, quedase a Xunta Directiva reducida en número de tal forma que non poida exercer debidamente as súas funcións.

Artigo 38.- Órganos do proceso electoral

Son os seguintes:

1. A Comisión Electoral
2. A Mesa Electoral

Capítulo segundo

Da Convocatoria de eleccións

Artigo 39.- Convocatoria do proceso electoral

1. O proceso electoral acordarase en Asemblea Xeral Extraordinaria convocada a tal fin.

2. A tales efectos, o Presidente do CLUB convocará Asemblea Xeral Extraordinaria de Socios mediante aviso público que se fixará no Taboleiro de Anuncios do CLUB e a publicación do mesmo nas redes sociais do club. Ademáis, convocarase aos socios individualmente por correo electrónico. Os socios que non dispoñan de correo electrónico serán convocados por carta. Así mesmo, aqueles socios con correo electrónico que prefiran seguir sendo convocados por correo ordinario deberán solicitalo expresamente na oficina do club.

